

**Clube Marítimo
Deportivo e Cultural**


BReOGÁN

O GROVE • Nº 25- 2º TRIMESTRE 2012

EDITA: C.M.D.C. BREOGÁN

Apdo. Correos nº 86 - Telf./Fax. 986 73 32 93

e-mail: clubbreogan@telefonica.net

www.clubbreogan.org

**Resultados: autonómicos,
nacionais, internacionais**

Travesía da Toxa

Xadrez

35 aniversario

Resumo 2º trimestre

Campamento de verán



**DEPORTE
GALEGO**

galici@



Resumo 2º trimestre 2012

Neste “Boletín Informativo” nº 25, voltamos a poñer nas túas mans un pequeno resumo das actividades que leva a cabo a nosa entidade, neste caso, as correspondentes ao 2º trimestre do 2012.

Ao mesmo tempo, queremos che recordar que este boletín esta aberto á túa colaboración, enviándonos as túas opinións ou propostas a través dos canais habituais.

Neste número, xa anuncia-

mos que o vindeiro ano 2013, será o 35 Aniversario de Breogán, e queremos facer un chamamento a socios, siareiros e amigos, a participar enviándonos as vosas propostas.

Damos conta neste número de que xa temos a venda a Lotería de Nadal e informamos do remate da temporada de xadrez, que unha vez máis, fixeron unha campaña moi honrosa.

Tamén comentamos o acontecido na IX Travesía da Toxa-XVI Trofeo Concello do Grove de Piragüismo”. E facemos un resumo dos resultados de piragüismo a nivel galego, nacional e internacional.

Asimesmo damos conta da laboura que se esta a facer no campo da captación e iniciación ao piragüismo en diferentes eidos e actividades.



Breogán, 35 anos na historia do Grove

O vindeiro ano 2013, a nosa entidade cumprirá os 35 anos de existencia. Posiblemente os fundadores da Agrupación Cultural Breogán, ala no ano 1978, o que menos pensaron sería na chegada do 35 aniversario da entidade e do protagonismo da mesma ao longo da súa traxectoria na vida do Grove en todos os ámbitos: deportivo, cultural, social, etc.

Dende a Xunta Directiva estamos empezando a darlle voltas ao miolo, para facer algún tipo de acto conmemorativo deste aniversario, e dende aquí queremos facer un chamamento e deixar a porta aberta a calquer socio ou veciño en xeral, que queira facer a súa aportación, tanto a través da súa colaboración, como a de propoñer algún tipo de acto ou actividade para poñer en marcha e, así engrandecer esta celebración. En-



tre as ideas que se están a barallar, temos a posibilidade de organizar una cea de aniversario, editar unha

revista, facer algún tipo de exposición, etc... Pero agardamos contar coas vosas propostas.

Xa á venda a lotería de Nadal

Como todos os anos, poñemos en marcha a venda de Lotería de Nadal, que é unha das fontes de ingresos coas que contamos na entidade, que xunto con outras moitas, axúdanos a manter a actividade diaria.

Este ano o número da sorte é o 55.956, que xa se atopa á venda nos locais de costume en décimos; máis adiante porémolo á venda en participacións.

E, tamén como vén sendo habitual, unha vez celebrado o sorteo de Nadal, tamén venderemos Lotería de Reis. Si está interesad@ en facerse con lotería da que poñemos a venda, pode acercarse os locais onde



está dispoñible ou pasarse polo Pavillón de Deportes Náuticos.



Deputación Pontevedra



Boa tempada en xadrez

A temporada para os nosos equipos de xadrez foi moi boa; rematando ámbolos dous equipos en posto de “podium”. O Breogán “A” acadou o terceiro posto no Grupo “B” da Primeira División; mentras que o Breogán “C” remataba na segunda posición do Grupo “A” da Cuarta División.

O Breogán “A”, dos once enfrontamentos, fíxose con cinco

vitorias, dous empates e catro derrotas; chegando aos 24,5 puntos que lle deron a terceira posición. Destacando que no enfrontamento directo cos dous primeiros clasificados, o noso equipo saíu gañador dos dous enfrontamentos.

Entre os deportistas que máis puntos acadaron para o equipo nesta competición atópanse: Juan Carlos Gil Reguera, Heladio Ou-

teiro Padín, Cristóbal Barral Rubirosa e José Manuel Alvarez Sabor.

En canto ao Breogán “C”, tras dez enfrontamentos, colleitaron un total de: sete vitorias, dous empates e tan só unha derrota.

Os xadrecistas que máis puntos acadaron neste equipo, foron: Pablo Lorenzo Domínguez, Diego Aguiño Fraga, Xavi Míguez Gar-



cía, Xosé R. Fernández Abilleira e Gabriel Benavides Abilleira.

Escola de Xadrez

Un ano máis temos que destacar a laboura da escola de Xadrez, que nesta ocasión aportou varios deportistas para o Breogán “C”.

Nos últimos días de clases, os alumnos e o monitor, saíron a rúa indo a xogar co xadrez xigante na Praza do Corgo.

Queremos destacar e agradecer, a gran laboura que esta a levar a cabo na Escola de Xadrez, o seu monitor, Heladio Outeiro Padín.

CLASIFICACIÓN FINAL PRIMERA DIVISIÓN GRUPO B.

1	KARPOV	32,5
2	MARQUIÑO	26,5
3	BREOGÁN “A”	24,5
4	GALLAECIA	23,5
5	ALGALIA DE ABAIXO	22
6	CXF-C. XUVENTUDE	22
7	RIVEIRA “A”	21
8	MARÍN “A”	21
9	XADREZ RIANXO	20,5
10	USC XUVENIL	17,5
11	CCD SANXENXO	17
12	ALBARIÑO “A”	16



CLASIFICACIÓN FINAL CUARTA DIVISIÓN GRUPO A.

1	X. BUEU	59
2	BREOGÁN “C”	51,5
3	EXP MEIS	51
4	LIMP. SAN VICENTE	45
5	MARÍN PROMESAS	38,5
6	CXF BANCAJA	38
7	CASINO MERCANTL	36
8	MARÍN INFANTIL	35
9	MOSTEIRO	33,5
10	CXF VITAL DENT	30,5
11	CXT DISTR. LETE	19



”la Caixa”



IX Travesía da Toxa XXVI Trofeo Concello do Grove

O día 22 de abril celebrouse a “IX Travesía da Toxa-XXVI Trofeo Concello do Grove de Piragüismo”. Regata que estivo organizada polo CMD C Breogán coa colaboración da Federación Galega de Piragüismo, sendo patrocinada polo Concello do Grove a través da Concellaría de Deportes.

Con esta regata inciábase a Liga Galega de Rios e Travesías, sendo ao mesmo tempo puntuable para a Superliga Galega de Piragüismo. Participaron homes e mulleres de categorías cadete, xuvenil, senior e veteranos; que participaron en embarcacións K-2 e C-2, nun circuito instalado entre o paseo marítimo e a Illa da Toxa.

Quedamos moi satisfeitos cos resultados desta regata, tanto a nivel organizativo, como de participación, xa que batimos os rexistros de edicións anteriores ao superar os 380 deportistas inscritos, en repre-

sentación de 32 clubes.

Nesta regata destacan, ademais dos trofeos habituais, os obsequios que entregamos aos deportistas donados por diferentes empresas do municipio:



Restaurante - Taberna

A TRAIÑA



Beiramar, 54 O GROVE • Telf. 986 73 15 92

- *Premio do Gran Hotel de la Toja* dun fin de semana para dúas persoas para cada un dos tripulantes da embarcación gañadora en K-2 home senior.

- *Premio do Hotel Louxo La Toja* dun fin de semana para dúas persoas para cada unha das tripulantes da embarcación gañadora en K-2 muller senior

- *Premio do Hotel Balneario Hesperia Isla de la Toja* dun fin de semana para dúas persoas para cada un dos tripulantes da embarcación gañadora en C-2 home senior.

- *Premio da Tienda Manantiales de La Toja*, dun lote de produtos para os compoñentes das em-

barcacións clasificadas en primeira posición, en todas as categorías.

- *Premio de Conservas Isabel*, dun lote de produtos para os compoñentes das embarcacións clasificadas en segunda posición, en todas as categorías.

- *Premio da Tienda Manantiales de La Toja*, dun obsequio para todos os participantes nesta regata.

Tamén temos que destacar a colaboración recibida de: *Segem, A Traiña, Protección Civil e Policía Local.*

A nivel deportivo a regata resultou moi entretenida e o tempo axudou a disfrutar dun bo día de piragüismo. A nivel de clubs im-

puxose o Club Ría de Aldán, seguido do Breogán, e terceiro rematou As Torres de Catoira.

Os resultados máis destacados dos nosos padexeiros foron os seguintes:

- En K-2 muller xuvenil, gañaron Tania Álvarez e Natalia García, sendo terceiras Sara Bravo e Laura García.

- C-2 canoa xuvenil, primeiro posto de Manuel García e Bryan Fernández.

- C-2 canoa cadete; segundo posto de Borja Meis e Diego Naveiro.

- C-2 veterano, primeiro posto de Sami Grigore e Marcelino.



Segem



GESTIÓN INTEGRAL
DE PLAYAS Y LITORAL

Resultados Galegos

A *XVII COPA GALEGA DE RIOS E TRAVESIAS*, iniciouse coa Travesía da Toxa, da que xa falamos; agora daremos conta doutras regatas disputadas no segundo trimestre, con resultados variados, xa que influiron a participación de varios deportistas que non puideron acudir por estar presentes en concentración, por traballo etc.

A segunda regata da Liga foi o Descenso do Miño de Lugo no que nos proclamamos Campións, destacando o primeiro e segundo posto en K-1 muller xuvenil de Natalia Garcia e Tania Alvarez; Sara Bravo era primeira en K-1 muller cadete, Manuel Garcia facía o mesmo en C-1 xuvenil e Cristian Ribademar era o primer clasificado en C-1 sénior.

No Descenso do Umia varios dos nosos palistas víronse afectados pola gran cantidade de auga que levaba o río, que fixo que non tivesen clasificacións moi destacadas, acabando o clube na cuarta posición. A nivel individual destacan os primeiros postos de: Manuel García, C-1 xuvenil; Sara Bravo en K-1 muller cadete e Natalia Garcia en K-1 muller xuvenil.

Logo disputárase o Descenso do Miño de Ourense, onde acudimos con menos efectivos polas causas antes nomeadas, e o resultado foi un sexto posto por clubes.

Repetindo Manuel Garcia como primeiro clasificado en C-1 xuvenil, a súa irmán Laura era terceira no K-1 muller xuvenil e a sorpresa viña de Félix Meis que acababa segundo no C-1 cadete.

A *XVII LIGA GALEGA DE PROMOCIÓN*, os resultados das regatas desta liga estanos dando unha media de mellores resultados que o pasado ano, apreciándose unha mellora grazas o traballo nas categorías de base que se está a realizar.

Na 2ª Regata, que se disputou en Pontevedra, acabamos na 5ª posición, cun mellor resultado individual de Adrian Ribademar.

Na seguinte regata, disputada en Pontesampaio, voltamos a baixar posto por ter bastantes ausencias de rapaces; e acadamos a décima posición por clubes, nesta ocasión Adrián remataba primeiro.

A cuarta regata desta competición levounos a Lugo, para rematar de novo na quinta posición, Adrian Ribademar voltaba a ser a mellor clasificación individual ó ser segundo.

A *V LIGA GALEGA DE ALEVÍNS E INFANTILES*, nesta competición participan os máis pequenos, nos que estamos a ter unha importante afluencia de nenos e nenas; o que pasa e que nenas categorías á hora de acudir as



regatas, a asistencia varia moito por diferentes motivos, polo que a clasificación pode variar bastante.

A primeira regata tivo lugar en Allaríz, onde acadamos a terceira posición por clubes, e Antia Soutullo entraba nas medallas ao ser Prata no K-1 muller alevín "B".



Luis A. Mestre, 76bx. 36980 O Grove
Telf. 986 730 958 Fax. 986 733 960

www.elesma.com



A segunda regata celebrada na Illa de Arousa, con numerosas baixas, acabamos na sétima posición

Logo viría o Campionato Galego destas categorías, que se celebrou en Narón, no que acadamos a cuarta posición.

XIII LIGA GALEGA DE

KAIK DE MAR, unha vez máis voltamos a tomar esta actividade, acudindo a un total de cinco regatas, participando sobre media ducia de deportistas, entre os que os que mellores resultados acadou foi Rut Triñanes, que variou a súa clasificación entre o primeiro e o segundo posto, segundo a regata.



HABITAT

Decoración

Pablo Iglesias, 40 • Telf. 986 73 32 03
36980 O GROVE

Resultados Nacionais

Despois do cuarto posto acadado no Campionato de España de Inverno nas categorías senior e xuvenís, o obxectivo de principios de temporada veuse mellorado, pasando agora o de tratar de manter este posto na *XI LIGA DE PISTA OLÍMPICA-DIVISIÓN DE HONOR NACIONAL*.

Na Regata Nacional de Pista en 1.000 m., celebrada en Verducido, confirmáronse estas opcións ao repetir o cuarto posto por clubs, onde a nivel individual obtiveron medalla os seguintes deportistas: Cristian Ribademar e Diego Romero, Bronce no C-2 senior; Tania Álvarez e Natalia García, Prata no K-2 muller xuvenil; Diego Romero Bronce no C-1 senior e a Prata do C-4 senior de: Diego Romero, Cristian Ribademar, Sami Grigore e Adrian Fernández. Tamén foi Prata Manuel García en Canoa Sub 17 e Álvaro Bravo en Kaiak Sub 23, foi Bronce.

Verducido tamén acolleu a Regata Nacional de Pista de 500 e 200 m., e co 5º posto por clubs, manteñense as esperanzas de acabar cuartos na Liga Nacional, a falta da celebración do Campionato de España de Pista Senior e Xuvenil.

Nesta regata, Natalia García facía coa Prata no K-1 muller xuvenil 200 m., e con Tania Álvarez eran Bronce no K-2 500 m. Igual




posición que a acadada por Cristian Ribademar e Diego Romero no C-2 senior 500 m.

Na *XI LIGA DE JOVENES PROMESAS*, os resultados non foron tan destacados, na Copa de España de Cadetes en 1.000 m. (Trasona-Asturias), rematamos no posto 17 por clubes, acadando unha

Medalla de Bronce no C-4 formado por: Borja Meis, Diego Naveiro, e os xemelgos Félix e Sergio Meis.

Na Copa de España de Infantil en 3.000 m. (Sevilla), acadamos o posto 19 por clubs, destacando a Medalla de Prata en C-1 de Adrian Ribademar e a que consegue en C-2 con Alejandro Otero.



OBRAS Y CONTRATAS
RIAS BAIXAS
www.riasbaixasnet.com

R/ Pais Vasco, 5 Baixo - 36980 O Grove (Pontevedra)
Tel: 986 732 195 - Fax: 986 735 027 - mail: construcciones@riasbaixasnet.com

Iniciación ao piraguismo

Chegado o mes de xuño, como en anos anteriores, dirixímonos aos colexios do municipio e outros colindantes, para facer unhas charlas nas que amosar como e o noso deporte e de cara a atraer nov@s piragüistas o noso club.

Rut Otero e Breixo Lamas foron os encargados de visitar os colexios do Grove e o de Noalla, de cara a presentarles aos alumnos os nosos programas de iniciación ao piragüismo.

Estas charlas están dando un bo resultado e, dende hai uns dous anos o número de participantes nestas actividades vai incrementándose notablemente, especialmente nas categorías máis pequenas (benxamíns e alevíns). Os rapaces e rapazas que van saíndo destas actividades, van entrando no equipo de promoción e acudindo ás diversas regatas ás que acudimos



por toda a xeografía galega; xa na categoría infantil, tamén poden acudir a regatas de carácter nacional.

Tamén queremos destacar, a formación das “Escuelas de Piragüismo da Deputación de Ponte-

vedra”, grazas a un convenio entre esta administración e a Federación Galega de Piragüismo, que favorecerá a iniciación e a actividade das categorías de base para todos os clubs da provincia de Pontevedra, entre eles o Breogán

Campamento de verán

O Campamento Deportivo de Verán nace dunha iniciativa das Concellerías de Deportes e a de Xuventude, contando coa colaboración dos clubs a través da Asociación do Deporte Meco, clubs entre os que de atopa Breogán.

Neste campamento, ademais de ofrecerlles aos rapaces un verán diferente e unha alternativa aos seus pais, os participantes teñen unha oferta de verán saudable e divertida. Mediante ela, os rapaces iníciáanse e practican: piragüismo, baloncesto, fút-

bol, remo, balonmán, deportes alternativos, sendeirismo, xogos populares, actividades na natureza, olimpíadas, etc.

Dende Breogán apostamos por este tipo de iniciativas, que fomentan entre os rapaces a práctica do deporte, ao tempo que colabora cos pais a ter unhas actividades para os seus fillos no verán. E ao mesmo tempo estamos a divulgar e promocionar o noso deporte entre os máis cativos, co cal nos sentimos satisfeitos de participar nesta actividade.




Especialistas en
Seguros de Defensa Jurídica

Allianz 

Asesoría Fiscal e Contable •

Asesoría Laboral •

Sociedades •

Administración de Fincas •

Mediador de Seguros Colexiado •

Especialista en Seguros de Vida •

Aforro e Inversión

O Corgo, 59 baixo - Telf/Fax. 986 73 31 25 - 36980 O GROVE Pontevedra



Resultados internacionais

CONTROL PARA PREOLÍMPICO, a C-2 de Cristian Ribademar e Diego Romero, por diversas circunstancias non chegou no seu mellor momento ao Control Nacional que daba dereito a acudir ao Preolímpico Europeo, e non foron capaces de acadar a praza en xogo.

CAMPIONATO DE EUROPA DE PISTA ABSOLUTO, celebrado en Zagreb (Croacia), contou coa participación no K-4 1.000 m. que representou a España, de Alvaro Bravo que se meteu nese barco a pesar de ser aínda de categoría Sub 23.

O resultado foi moi bo, xa que se meteron na final europea despois de que España non estivese presente nesta modalidade e distancia, dende hai varios anos. Logo na final realizaron unha moi boa primeira parte da carreira, pero ao final, unhas algas impediron que fixesen mellor resultado que un meritorio oitavo posto.

CAMPIONATO DE EUROPA DE PISTA SUB 23 e XUVENIL, celebrarase en Montelmo O Velho (Portugal) do 12 ao 15 de xullo (cando vostedes reciban o Boletín xa se terá celebrado).

O Breogán terá catro palistas neste europeo, representación que estará encabezada por Alvaro Bravo, que despois da súa boa actuación no europeo absoluto repetirá no Sub 23 formando parte do K-4 e do K-2 español; agardándose unha boa actuación.

Tamén estará o canoista Sub 23, Diego Romero, e as dúas mulleres xuvenís. Natalia García e Tania Álvarez.

A todos eles lles desexamos unha boa actuación nesta competición internacional.



Fotoyos



G.A.T. XG-199

MAYORISTA - MINORISTA

986 74 60 33

986 74 66 05

www.circuitosgalicia.com

Organizamos viajes para Grupos de:
Asociaciones
Estudiantes
Tercera Edad
ect ...

Para toda
ESPAÑA
PORTUGAL
FRANCIA
ITALIA

... su agencia de confianza



Xunca Blanca n.º 11 A
36990 Villalonga - SANXENXO (Pontevedra)
circuitosgalicia@circuitosgalicia.com